



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/UNHA LIMPADOR/A PARA A PISCINA MUNICIPAL DESCUBERTA "O MUÍÑO", (Expdte. 2025/E001/000004).

PUNTUACIÓN DEFINITIVA. ORDE DE CLASIFICACIÓN DEFINITIVA. LISTAXE DE APROBADOS. PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

En Ordes, a 9 de xuño de 2025, sendo as 10:20 horas reúnese na Sala de Xuntas da Casa Consistorial (3º andar) do Concello o Tribunal que ha de xulgar o CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/UNHA LIMPADOR/A PARA A PISCINA MUNICIPAL DESCUBERTA "O MUÍÑO", ORDES, convocado por decreto da Alcaldía nº 500/2025, de data 05/05/2025.

Asisten:

Presidenta: Pilar Rey Rodís, (Funcionaria da Escala de Administración Xeral, Subescala de Xestión).

Vogais:

Rocío Varela Rodríguez, (Funcionaria da Escala de Administración Xeral, Subescala de Xestión).

Yolanda Cela Villaverde, (Funcionaria da Escala de Administración Xeral, Subescala de Xestión).

Marcos Gándara Costa, (Funcionario da Escala de Administración Xeral, Subescala de Xestión).

Secretario: José Alberto Moar Tobío, (Funcionario da Escala de Administración Xeral, Subescala de Xestión), con voz, pero sen voto.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, procedéndose seguidamente, de conformidade co establecido na Base 7ª (Inicio e Desenvolvemento do Proceso Selectivo), ao exame das reclamacións presentadas contra as puntuacións outorgadas na Primeira Fase: Concurso, avaliacións dos méritos alegados e xustificadas polos aspirantes.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Pola Sra. Presidenta infórmase que non se presentou reclamación algunha, polo que as puntuacións provisionais elévanse a definitivas, sendo as seguintes:

APELIDOS E NOME	NIF	SERVIZOS PRESTADOS NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	SERVIZOS PRESTADOS FORA DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	CURSOS DE FORMACIÓN	TOTAL PUNTUACIÓN
PENA MARTÍNEZ ISABEL	***6917**	0,00	0,00	1,00	1,00

Ao ter presentado todos os aspirantes certificación ou título que acredite o coñecemento do idioma galego, non procede a realización do exercicio correspondente á Segunda Fase, debendo procederse a continuación á determinación da orde de clasificación definitiva, da listaxe de aprobados e á formulación da proposta de contratación. Así, o Tribunal declara aprobada e formula proposta de contratación da aspirante seguinte:

APELIDOS E NOME	NIF
PENA MARTÍNEZ ISABEL	***6917**

RECURSOS: Contra os presentes acordos do Tribunal de Selección poderá interpoñerse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recurso de alzada previsto nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación deste acordo. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso ou exercerse calquera outra acción que se estime convinte.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, dispoñendo a Presidencia que se redacte a presente acta, sendo as 10:45 horas do día ao principio sinalado.

Ordes, na data da sinatura electrónica.

A Presidenta,
Pilar Rey Rodís

O Secretario,
José Alberto Moar Tobío.